

# XUBILACION

## Concepto

A prestación por xubilación, na súa modalidade contributiva, consiste nunha pensión vitalicia, única e imprescritible, que será recoñecida cando o traballador a causa da idade cese na súa actividade laboral.

A normativa aplicable basicamente a esta prestación é a seguinte: [arts. 160 a 166](#) do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social o TRLSS, o R.D. 1799/1985 de 20 de outubro, R.D. 1647/1997 de 31 de outubro, Lei 35/2002, R.D. 1132/2002 de 31 de outubro e R.D. 1131/2002 de 31 de outubro.

Os artistas que queiran xubilarse anticipadamente poderán facelo a partir dos 60 anos. A porcentaxe de pensión experimentará, nestes casos, unha redución do 8 por 100 por cada ano que lle falte ó traballador para cumprir a idade de 65 anos.

Para acollerse á xubilación anticipada terán que estar en situación de alta ou asimilada a alta na data do feito causante.

## Requisitos para acceder á prestación

De acordo co [art. 161](#) do TRLSS e [124.1](#) do mesmo texto son requisitos para acceder á prestación de xubilación:

1º Requisitos xerais de inclusión no Réxime Xeral, situación de afiliación e alta ou [situación asimilada](#).

2º Ter cumpridos 65 anos, tendo en conta que aínda que como regra xeral a xubilación é voluntaria, é posible que, mediante convenio colectivo, se estableza a posibilidade de extinguir o contrato de traballo alcanzada a idade de xubilación sempre que o traballador teña cotizado o suficiente como para acceder a esta prestación e cumpra ademais os demais requisitos. E necesario igualmente que esta medida se é prevista en convenio colectivo estea vinculada á política de emprego da empresa. Ver [Disposición Adicional 10ª del ET](#).

En calquera outro caso, será posible que o traballador continúe coa súa actividade laboral máis alá dos 65 anos e incluso que iso sexa compatible coa percepción da pensión de xubilación nos termos previstos para

xubilación parcial.

3º Requisito de carencia ou cotización: O período mínimo de cotización é de 15 anos, dos cales 2 deben estar comprendidos nos 15 anos inmediatamente anteriores ó momento en que comeza a prestación, salvo se se accede á xubilación desde a situación de alta ou asimilada a alta sen obrigación de cotizar en cuxo caso os dous anos deberan de estar comprendidos nos 15 anos anteriores á data en que cesou a obriga de cotizar (art. 161 del TRLSS y art. 2 del R.D. 1647/1997 de 31 de outubro).

4º Cese no traballo ([art. 160](#) del TRLSS).

Hai que ter en conta as particularidades que, no seu caso, poden estar establecidas para os [Réximes Especiais](#).

## **Contido e duración da prestación**

A prestación por xubilación será una prestación única para cada beneficiario, de natureza económica e que se concreta nunha pensión vitalicia.

A contía da prestación derivase de aplicar á base reguladora unha porcentaxe fixado en virtude do período de cotización do solicitante ([art. 163](#) del TRLSS).

A **base reguladora** será o resultado de dividir por 210 as bases de cotización por continxencias comúns do beneficiario durante os 180 meses anteriores ó momento de iniciarse a prestación ([art. 162](#) del TRLSS).

O art. 4 do R.D. 1647/1997 de 31 de xaneiro e o 162 do TRLSS establecen cómo se realiza o cómputo de tales bases. Hai que destacar, que en evitación de posibles fraudes que pretendan un incremento indebido da pensión de xubilación futura, no se computarán os incrementos das bases de cotización producidas nos 2 últimos anos, que sexan superiores ó incremento medio interanual derivado de disposicións legais ou dos Convenios Colectivos.

Nas situacións de pluriemprego e pluriactividade, ós efectos do cálculo da base reguladora da pensión, as bases polas que se teña cotizado ás diversas empresas o en varios réximes da Seguridade Social sen causar dereito a pensión en ningún deles, computaranse na súa totalidade, sen que a suma das mesmas poida exceder do límite máximo de cotización vixente en cada momento.

## **Porcentaxe aplicable á base reguladora:**

A porcentaxe aplicable depende dos anos de cotización acreditados polo solicitante, de acordo coa escala do [art. 163 del TRLSS](#):

Polos primeiros 15 anos cotizados aplicase un 50% e engádesse un 3% por cada ano adicional de cotización comprendido entre o 16º e o 25º. Por cada ano adicional de cotización a partir do 26º, incrementase a porcentaxe nun 2% máis, sen que en ningún caso a porcentaxe aplicable finalmente poida ser superior ó 100%, salvo se se trata de traballadores que permanezan en activo máis alá dos 65 anos e que leven cotizados máis de 35 anos. Neste último caso, por cada ano adicional de cotización engadirase un 2% máis a porcentaxe a aplicar.

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado fixa en todo caso anualmente o importe máximo da pensión de xubilación, que nunca poderá superar independentemente do resultado de aplicar a mencionada porcentaxe á base reguladora. O límite mínimo fixase en función de se o pensionista ten ou non cónxuxe ó seu cargo e de se é maior ou menor de 65 anos. (Ver arts. 39 e 44 da Lei 42/2006 de 28 de decembro dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007)

En canto á **duración da prestación**, a xubilación pode instarse con 3 meses de antelación á data na que se prevé o cese na actividade laboral, no caso de traballadores en situación de alta. Neste caso comezará a percibirse a pensión a partir do día do cese no traballo. A pensión percibirase en cambio desde a data da solicitude se se accede á mesma desde a situación de non alta ou desde as situacións asimiladas á alta excepto no suposto de excedencia forzosa (O. De 18 de xaneiro de 1967 e [art. 164](#) del TRLSS).

A pensión de xubilación extinguirase por falecemento do beneficiario.

Esta pensión é incompatible co traballo do pensionista, anque como excepción, si será posible compatibilizalos en caso de xubilación parcial. En calquera outro suposto, a realización de traballos por conta propia ou allea debe ser comunicado á Entidade Xestora e provocará a suspensión na percepción da prestación (art. 16.2 de la O. De 18 de xaneiro de 1967 e do TRLSS)

Hai que ter en conta as particularidades que, no seu caso, poidan estar establecidas para os [Réximes Especiais](#).

## Xubilación anticipada e xubilación parcial

Aínda que, como regra xeral, para acceder á pensión de xubilación a idade esixida é a de 65 anos, existen supostos excepcionais recoñecidos polo Goberno onde a idade de xubilación se reduce:

1- Os 64 anos: de acordo co R.D. 1194/1985 do 17 de xullo recoñécese este dereito ós traballadores pertencentes a empresas que, en virtude de Convenios Colectivos ou Pactos, se obriguen a substituír a aqueles simultaneamente ó seu cese no traballo, por outros traballadores inscritos como desempregados na Oficina de Emprego, ós cales se contratará como mínimo por un período de 1 ano, constando o traballador ó que se substitúe, e sen que poida tratarse dun contrato a tempo parcial ni un contrato eventual.

2- A partir dos 60 anos: é posible como xubilación anticipada transitoria, en función da DT 3ª do TRLSS, ós que tiveran condición de mutualistas o 1 de xaneiro de 1967, nos termos alí establecidos. Neste caso a contía da pensión reducirase, como regra xeral nun 8% por cada ano ou fracción de ano que falte, no momento do feito causante, para cumprir 65 anos.

Aplicanse porcentaxes de redución da contía da pensión máis favorables cando se acrediten máis de 30 anos de cotización e se solicite a xubilación anticipada por ter cesado no traballo por causa non imputable á vontade do traballador.

Tamén é posible esta xubilación se o traballador se atopa incluído en calquera Plan de Reconversión e Reindustrialización, ó amparo da Lei 27/1984 de 26 de xullo, que conleva unha xubilación anticipada con axudas a cargo dos fondos de promoción de emprego e que implica que ós 65 anos se recalcule a pensión para equiparar a súa contía á dos traballadores xubilados ordinariamente.

Ademais hai que ter en conta os supostos de xubilación anticipada que poden estar previstos, como mellora social, por Convenio Colectivo, de modo que a empresa asuma o pago dos importes nos que se reduce a contía da pensión.

3- A partir dos 61 anos de idade: permítese o acceso á xubilación anticipada, de acordo co [art. 161.3 del TRLSS](#), ós que se atopen inscritos

como demandantes de emprego durante un prazo de, ó menos, 6 meses inmediatamente anteriores á data de solicitude da prestación, acredite unha cotización de polo menos 30 anos e o seu cese no traballo por extinción do contrato non se deba a súa libre vontade. Nestes casos aplícanse os coeficientes reductores establecidos no mesmo precepto por cada ano ou fracción de ano que lle falte ó traballador para cumprir os 65 anos, provocándose a conseguinte redución da pensión de xubilación.

Existe un suposto excepcional no que non se esixe que o traballador estivera inscrito como demandante de emprego nin que o cese no traballo non lle sexa imputable. Ver [art. 161.3.d](#) del TRLSS.

Hai que ter en conta as particularidades que, no seu caso, poidan estar establecidas para os [Réximes Especiais](#).

### **Xubilación parcial**

De acordo co [art. 166](#) del TRLSS e os arts. 9 e ss del R.D. 1131/2002 de 31 de outubro polo que se regula a Seguridade Social dos traballadores contratados a tempo parcial, así como a xubilación parcial, considerase xubilación parcial a iniciada despois do cumprimento dos 60 anos, simultánea con un contrato a tempo parcial e que pode vincularse ou non a un contrato de relevo con outro traballador.

Esta posibilidade está contemplada para aqueles traballadores que reúnen os requisitos necesarios para acceder á xubilación a excepción da idade, que haberá de ser inferior en, como máximo, 5 anos á esixida (65 anos).

Concedese así a posibilidade de simultanear a percepción da pensión de xubilación coa continuidade no posto de traballo mediante un contrato a tempo parcial ata a xubilación definitiva.

No caso de que o traballador acceda á xubilación parcial con unha idade inferior ós 65 anos, a empresa deberá concertar simultaneamente un [contrato de relevo](#) con un traballador en situación de desemprego ou que tivera concertado coa empresa un contrato de duración determinada para suplir a xornada de traballo deixada vacante polo xubilado parcialmente.

No caso de que se acceda á xubilación parcial con 65 ou máis anos non é necesario que a empresa outorgue simultaneamente o mencionado contrato de relevo.

A contía da pensión de xubilación parcial será o resultado de aplicar a

porcentaxe de redución da xornada laboral ó importe da pensión que lle correspondería de acordo coas regras xerais do Réxime da Seguridade Social no que se encontre integrado o traballador sen aplicarse os coeficientes reductores en función da idade por acceder antes dos 65 anos, e sen que en ningún caso a pensión poida ser inferior á contía que resulte de aplicar esa mesma porcentaxe ó importe da pensión mínima de xubilación para maiores de 65 anos previsto anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

## **Xubilación non contributiva**

A xubilación na súa modalidade non contributiva encontrase regulada nos [arts. 167 a 170 del TRLSS](#).

Teñen dereito a esta pensión os que habendo cumprido 65 anos, residan legalmente en territorio español e o fixeran durante 10 anos entre os 16 anos e a idade de devengo da pensión, dos cales 2 deberán ser inmediatamente anteriores á solicitude da pensión, e que carezan de ingresos suficientes.

Considerase que existen rendas ou ingresos suficientes cando estes, en computo anual, superen o importe da pensión de xubilación en modalidade non contributiva fixada na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.(4.374,02 Euros anuais).

## **Pagos**

A pensión abonase mensualmente con dúas pagas extraordinarias que se devengan coa mensuralidade de xuño e de novembro. Ten garantidas as contías mínimas, así como a súa revalorización ó comezo de cada ano, de acordo ó IPC previsto para ese ano.

A pensión de xubilación está suxeita ó Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

## **Incompatibilidades**

Cobrar a pensión de xubilación é incompatible coa realización de traballos por conta propia ou allea, ou coa realización de actividades para as Administracións Públicas, que den lugar a súa inclusión nun Réxime da Seguridade Social, excepto na xubilación parcial e na xubilación flexible.

## **Prazos**

A tramitación da pensión de xubilación deberá resolverse e notificárselle ó interesado nun prazo máximo de 90 días.

## **Outros datos de interese**

[Xubilación anticipada por razón do grupo ou actividade profesional](#)

[Xubilación anticipada de traballadores minusválidos](#)

[Xubilación anticipada por ter a condición de mutualista antes do 1-1-1967](#)

[Xubilación anticipada sen ter a condición de mutualista antes do 1-1-1967](#)

[Xubilación flexible](#)

[Xubilación parcial](#)

[Xubilación especial a los 64 años](#)

[Particularidades dos Réximes Especiais](#)

Pódese ter dereito á pensión de xubilación en varios réximes da Seguridade Social se se reúnen os requisitos esixidos en cada un de eles. No caso de acceder á pensión desde a situación de non alta, é necesario que as cotizacións acreditadas en cada réxime se superpoñan, polo menos, 15 anos.

[Programa de Autocálculo de pensión de Xubilación](#)

As bases máximas de cotización no ano 2007 son:

Base máxima mensual: 2.996,10 euros

Base máxima anual: 35.953,20 euros

Máis información en <http://www.seg-social.es/inicio/>.

Todos os datos contidos neste documento refírense ao ano 2007